



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA XXIII EDICIÓN DO FESTIVAL DE CINE INTERNACIONAL DE OURENSE - OUFF

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

COMPARECEN

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **José Manuel Baltar Blanco**, Presidente da Deputación Provincial de Ourense (en adiante, Deputación), con CIF: P3200000B, actuando en nome e representación desta entidade local e en uso das atribucións que lle veñen conferidas polo acordo plenario de data 14 de xullo de 2015, de elección do seu Presidente, artigo 34.1.b da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e actuando en uso das competencias atribuídas polos artigos 109 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; e con domicilio, aos efectos deste convenio, no Pazo Provincial, situado na Rúa Progreso 32, 32003, Ourense.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A **Axencia Galega das Industrias Culturais**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

SEGUNDO.- Que a Deputación Provincial de Ourense, dende a súa área de políticas culturais, organiza a edición de 2018 do Festival de Cine Internacional de Ourense-OUFF, un dos acontecementos máis destacados en Galicia na súa especialidade, coa aspiración histórica de significarse como o festival audiovisual por excelencia da comunidade autónoma, un festival que converte a cidade ourensá, durante os días de duración do evento, nunha verdadeira "cidade de cine" na que o público pode gozar de producións cinematográficas non estreadas nos circuitos, de ciclos centrados en actores, directores e cinematografías de prestixio internacional que



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

abrange numerosas nacionalidades, ao tempo que se erixe como un punto de encontro anual para os profesionais do sector en Galicia.

Organizado nas últimas edicións polo Concello de Ourense, en 2018 esta entidade cede a marca OUFF e a organización do certame á Deputación de Ourense para dotalo tanto dende o punto de vista organizativo como económico de cara a seguir apostando pola continuidade dun evento considerado o máis antigo de carácter internacional que se celebra en Galicia, cun selo diferencial que traspasa as propias fronteiras; un certame polo que pasaron, ao longo das 22 edicións celebradas, máis de 140 países dos cinco continentes e os máis destacados profesionais do eido audiovisual e durante o que se levaron a cabo numerosas mesas redondas, mercados, master class, encontros, conferencias, presentacións e cursos que foron convertendo o OUFF nun referente na promoción do cine español e, de forma destacada, do cine galego. Neste sentido, cómpre subliñar a dedicada aposta do certame polo audiovisual galego, ao que sempre lle concedeu un gran protagonismo, servindo de gran escaparate e punto de encontro, xa dende as súas primeiras edicións, para a industria cinematográfica galega.

TERCEIRO.- Que a Agadic e a Deputación consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2018 que profundicen na potenciación do sector audiovisual galego a través da colaboración neste evento, que destaca pola súa firme aposta polo audiovisual galego e polo seu continuo esforzo en contar con ampla participación nacional e internacional.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é a colaboración en actividades relacionadas coa vixésimo terceira edición do Festival de Cine Internacional de Ourense- OUFF, que se desenvolverá do 29 de novembro ao 5 de decembro de 2018 en diversos espazos da cidade ourensá, ofrecendo un amplo programa conformado polas seccións competitivas ("OUFF oficial", formada por unha decena de títulos representativos de Galicia, Iberoamérica e diferentes países de todo o mundo; "OUFF en curta", de cara a estimular o formato da curtametraxe no ámbito da comunidade autónoma; e "OUFF- Fas Muvis", concurso por equipos para a realización dunha peza audiovisual con duración determinada durante a celebración do evento) e outras seccións complementarias como o "OUFF Cine euroárabe", de cara a apostar polo cine como linguaxe universal capaz de fomentar o encontro entre culturas; o "OUFF-Feminino", para visibilizar o traballo da muller no ámbito do cine; o "OUFF-Ingmar Bergman", que aproveita o centenario do nacemento do director para dedicarlle un ciclo especial coa proxección das súas máis destacadas películas e o "OUFF Escola", que tenta impulsar o uso do idioma galego entre a mocidade aproveitando a creatividade audiovisual e o traballo en equipo.

Premios ("Calpurnia de honra", que distingue a traxectoria persoal e artística de destacados profesionais do mundo do cine, e "Premio Ourense", destinado a premiar a profesionais que destaquen por algún aspecto concreto no seu labor audiovisual), exposicións ("O retrato amor do noso cine", fotografías de Xulio Gil que plasman toda unha xeración de homes e mulleres considerada pioneira na conformación do cine galego



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Galás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

contemporáneo) e publicacións, coa apertura dunha nova colección, "Monografías" a cargo de Eduardo Galán, completan a oferta do OUFF 2018.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado **estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.**

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas pola Deputación nun proceso de colaboración continua coa Agadic. A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán a todos os actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto.

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración así como a empregar os logotipos de ambas as entidades. A Deputación comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente a **colaboración da Agadic (Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia)**, no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A Deputación comprométese, ademais, a aplicar a achega económica prevista na cláusula sétima ás actividades obxecto do convenio e a realizar as actividades que lle son propias segundo o establecido na lexislación vixente.

CUARTA.-SEGUIMENTO DO PROXECTO

A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción da documentación sobre a marcha do programa.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DO PROXECTO

A Deputación informará ao interlocutor designado pola Agadic periodicamente sobre a marcha das actividades realizadas ao longo do programa. O proxecto de actuacións responderá ao previsto no programa de actividades.

SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo ou persoa en quen delegue. Por parte da Deputación actuará como responsable desta comisión o seu presidente ou persoa que designe en



substitución.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, a Agadic comprométese a achegarlle á Deputación a cantidade de **26.000 (vinte e seis mil euros), impostos incluídos**, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 10.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018.

Se por calquera circunstancia as actividades obxecto do presente convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto, a Deputación quedará obrigada á devolución das cantidades percibidas.

O pagamento por parte da Agadic efectuarase en dúas fases:

- **50%** tras a sinatura do convenio, co obxecto de financiar as fases preparatorias das actividades conveniadas. Para iso, a Deputación **debe facer entrega dun certificado acreditativo** de que xa se leva realizado tal porcentaxe de preparación do proxecto.

- **50 %** unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificado o orzamento da actividade presentado no proxecto económico (**98.800 euros**), que debe facerse coa entrega, antes da data de remate de vixencia do convenio estipulada na cláusula décimo segunda, da seguinte documentación:

- **Memoria descriptiva das actividades desenvolvidas**, con indicación das posibles modificacións con respecto ao proxecto inicial presentado para a sinatura do convenio, e das súas causas e incidencias.
- **Memoria económica**, con **desagregación e explicación** de cada un dos gastos realizados para a realización das actividades, indicando que tales gastos teñen relación co obxecto do convenio. Todas as desviacións ou variacións con respecto ao proxecto económico presentado para a sinatura do convenio deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria.
- **Xustificantes de gasto por importe da totalidade da actividade (98.800 euros)**, que deberán estar debidamente cubertos e farán referencia ás actividades obxecto do convenio detalladas no proxecto de actividades e proxecto económico presentados no momento da sinatura do convenio. Estes xustificantes de gasto deben vir acompañados **dos xustificantes bancarios dos pagamentos** (transferencia bancaria, certificación bancaria, extracto de pagamento, movementos de tarxeta de crédito, etc.).
- Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, non supere os 300 euros. Neste caso, o pagamento xustificarase mediante a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión "recibín en metálico".
- **Canto á forma de presentación**, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deben entregarse **clasificados** segundo os apartados da memoria económica presentada.

Para os efectos deste convenio, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao período de finalización da vixencia do convenio.

Non se considerarán xustificadas aqueles gastos que non cumpran o establecido nos parágrafos precedentes.

A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, segundo a memoria presentada, sen que haxa beneficio económico de ningún tipo por parte da Deputación, e



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

en ningún caso existirá ánimo de lucro xerado polas actividades desenvolvidas nin beneficio industrial ningún.

A Deputación ten a obriga de someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

OITAVA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e da Deputación. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométese a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso Deputación poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

NOVENA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Deputación acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA: MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizaranse entre elas os pagos e reintegros que procedan en relación cos gastos efectivamente executados pola Deputación, debidamente xustificadas como se recolle na cláusula sétima, ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros, debidamente acreditados.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **28 de decembro de 2018**.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

AGADIC



Axencia Galega das
Indústrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica do tratamento dos datos persoais, que é a seguinte que se relaciona:

- Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos.
- Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica (ENS).
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte.

Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste acordo, <https://sede.xunta.gal/a-sede/identificacion-e-titularidade/proteccion-de-datos> e <http://www.depourense.es/index.php/es/politica-privacidad>, conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destrúiranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.



As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico <https://sede.xunta.gal/a-sede/identificacion-e-titularidade/proteccion-de-datos>. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e ase mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaránselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa aplicable e vixente na materia.

DÉCIMO SEXTA.- XURISDICIÓN

As partes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta
Director

POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE

José Manuel Baltar Blanco
Presidente